



As arcas da Entidade Local Menor de Morgadáns quedarán baleiradas de confirmarse a denuncia do vogal nacionalista Xaime Lugilde. Asegura que o presidente da entidade, Urbano Esmerode (ex PP), pretende aprobar no pleno deste venres as contas de 2014 e un pago de facturas pendentes que deixará á parroquia cun saldo de apenas 1.494,05€ para facer fronte as súas obrigas. Lugilde, candidato do Manifesto Miñor á ELM de Morgadáns, advirte que este pleno a 8 días das eleccións presenta irregularidades formais, adxudicacións infundadas de bens públicos a privados entre outros puntos polémicos.

### **Erro formal nas contas xerais da entidade.**

Sinala Lugilde que Esmerode "*de entrada, presenta á aprobación o ditame inicial da Conta Xeral do ano 2014 convertendo o propio Pleno en Comisión Especial de Contas, é dicir, confundindo deliberadamente o Pleno cunha comisión informativa*".

### **Fondos actuais da Entidade Local Menor de Morgadáns**

Sinala que no referente ao balance final das contas o "*único certo, segundo a certificación emitida polo Banco Pastor a 12/5/2015, é que na conta deste banco a esta data hai un saldo de 186,62€. Asemade, na conta de ABANCA a 31/12/2014 había un saldo de 23.275,96€. A esa mesma data había en caixa 2.056,53€. É dicir, supoñendo que esas cifras estean íntegras, a día de hoxe habería un saldo favorable 25.519,11€*"

### **Onde está o truco?**

Entón, "onde está o truco?", ironiza o vogal denunciante. Explica que no seguinte punto da orde do día o presidente da Entidade, Urbano Esmerode, pretende aprobar o pago de facturas pendentes (algunhas delas do ano 2012) por un montante total de 23.025,06€, que restado do saldo favorable, a nova corporación de Morgadáns tería para iniciar o mandato a "*escandalosa*" cantidade de 1.494,05€.

### **Onde están os cartos?**

"*A pregunta que se fan os veciños e veciñas de Morgadáns é a onde foi parar o resto do orzamento, pois na parroquia non se ve nada. Calquera concello de Galiza con menos habitantes que Morgadáns (1.365 habitantes) conta cos servizos e a xestión municipal que aquí carecemos*" protesta Lugilde.

### **Adxudicación dunha canteira en terreos públicos a unha empresa privada.**

O vogal Lugilde tamén denuncia como ilegal a pretensión da presidencia da ELM de Morgadáns de aprobar a adxudicación para "*restauración*" dunha canteira a unha empresa especializada no tratamento de entullos (ALCONTE VIGO), que a súa vez subrogaría unha concesión dunha canteira facéndose cargo das débedas desta coa ELM (12.000€). Sinala Lugilde que isto sería "*totalmente ilegal, toda vez que estamos a falar dunha propiedade pública*". Engade que a maiores esta adxudicación faise sen mediar proxecto técnico ningún, estudos, ou cos informes preceptivos dos organismos pertinentes.

"*A desconfianza veciñal está máis que xustificada, toda vez que estamos a falar dunha*

## **Xaime Lugilde denuncia unha manobra de “última hora” que deixaría baleiras as arcas da ELM de Morgad**

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Xoves, 14 Maio 2015 22:36

---

*empresa que xestiona, tamén, entullos contaminantes que poderían ser serían vertidos en Morgadáns sen ningún tipo de control. Estamos falando de 150.000m3 cunha taxa de 0,40€/m3. Merece a pena converter Morgadánas nun vertedoiro de lixo encuberto e incontrolado por estes cartos ?", finaliza Lugilde.*